



Uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos

Estimadas familias:

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicou a **Orde de 4 de xaneiro de 2024 que aproba o Protocolo sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos**.

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20240104_orde_uso_mobiles_asinada.pdf

Esta norma, xa en vigor, recolle as seguintes medidas:

1. Nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que ofrezan algunha das ensinanzas reguladas na lei orgánica educativa en vigor, a **prohibición de uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación establecida durante os períodos lectivos** debe estenderse tamén, con carácter xeral, **á totalidade da xornada escolar, incorporando os períodos non lectivos**. En consecuencia, non se permitirá durante a xornada escolar o emprego libre destes dispositivos.
2. Considéranse aos efectos deste protocolo como **períodos non lectivos** os seguintes: as **entradas e saídas**, o **recreo**, de comedor escolar e os **períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares**.
3. Os centros poderán establecer excepcionalmente normas para a correcta utilización dos dispositivos indicados como ferramenta pedagóxica, supervisada polo profesorado.
4. Exceptuarase desta restrición o emprego proporcionado e razoable dos dispositivos por cuestións de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole, sempre e cando o **motivo estea xustificado** da maneira que se considere en cada caso atendidas as circunstancias, e así sexa **autorizado pola dirección do centro, ou**, de non ser isto posible, **polo profesorado**.

En resumo, tal e como se informou ás familias e ao alumnado ao comezo de curso, no centro queda prohibido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos, con carácter xeral, durante toda a xornada escolar, incluídos os períodos non lectivos (entradas, saídas, recreo e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias como saídas e visitas culturais...) en todas as etapas impartidas no centro: Secundaria e Bacharelato.

Marín, a 8 de xaneiro de 2024

Equipo directivo